



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 1

Unidade didáctica 1

Comunicación oral

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	La comunicación y los signos.....	6
2.1.1	Elementos de la comunicación y funciones del lenguaje	7
2.1.2	Linguaxe, lingua e fala: a comunicación oral e a escrita.....	10
2.1.3	La lengua formal e informal: las normas de cortesía	13
2.2	Clasificación dos textos orais	16
2.2.1	Textos orais informais: a conversa espontánea.....	16
2.2.2	Textos orais dos medios de comunicación	17
2.2.3	Textos orais formais monologados y dialogados	20
2.3	Las familias lingüísticas y nuestras lenguas.....	22
2.3.1	Las lenguas de Europa	22
2.3.2	O galego-portugués e os países da lusofonía.....	24
2.3.3	Las lenguas del Estado español	26
2.3.4	A normalización da lingua galega	29
3.	Resumo de contidos	32
4.	Actividades complementarias.....	34
5.	Solucionario.....	41
5.1	Solucións das actividades propostas	41
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	47
6.	Bibliografía e recursos	52
7.	Anexo. Licenza de recursos	53

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

Esta primeira unidade do módulo 1 funciona como introdución a todos os contidos relacionados coas linguas que se estudarán ao longo do resto de unidades.

- O seu primeiro bloque trata da comunicación e da linguaxe como medio de expresión especificamente humana. Tamén explica as diferenzas existentes entre linguaxe e lingua e as características da lingua formal fronte á lingua informal.
- Un segundo bloque amosa as características principais dos distintos tipos de textos orais que utilizamos decotío. Falamos e escoitamos falar constantemente, pero pode que nunca reparásemos nas diferenzas dos distintos modos de falar en cada situación.
- O terceiro bloque explica a distribución das linguas europeas, das linguas do Estado español e da situación das linguas que se fan en Galicia; poñendo énfase na relación de familiaridade entre elas como, por exemplo, as linguas da lusofonía.

Os contidos desenvólvense alternativamente en lingua galega e castelá, e os apartados de cadanseu bloque van acompañados de exercicios na mesma lingua. Ao final da unidade ofrécese unha batería de actividades complementarias propostas na mesma orde dos contidos da unidade, primeiro en galego e logo en castelán.

1.2 Coñecementos previos

A propia experiencia persoal é o mellor punto de partida para abordar o estudo e a preparación desta unidade. Todos nós falamos e expresámonos mediante a lingua, e a maior parte das veces facémolo de xeito oral. Esta unidade propónlle unha reflexión acerca do seu xeito de se comunicar co resto das persoas, acerca das diferentes maneiras de facelo e acerca do uso que fai das linguas que manexa na súa vida persoal e social.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Esta unidade didáctica explica os mecanismos que os seres humanos utilizamos para comunicármolos. Por iso, o máis interesante sería que puxese atención ao seu redor e aplicase o que vaia aprendendo nestas páxinas á súa experiencia individual como falante.

Para poder comprender mellor o que explica nesta unidade deberá escoitar o que se fala e como se fala na súa casa, na radio, na televisión, no traballo, no centro educativo, na rúa etc, para relacionalo cos contidos estudados. Cando estea nalgunha reunión formal ou informal, fíxese no xeito de falar das persoas. Cando estea vendo a televisión lembre os contidos da unidade analizando as imaxes e os textos que le na pantalla.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 1. Comunicación oral

Trátase dunha unidade introdutoria ao Ámbito de Comunicación que presenta uns conceptos iniciais básicos da materia. Recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de dúas semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 2.3 prepararíase nunhas catro horas de estudo noutra semana.

Unidade 2. Gramática da lingua

Nesta unidade vai estudar conceptos básicos de fonética, ortografía, sintaxe e semántica. Os contidos que aquí asimile seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa oral e escrita e, tamén, para assimilar os coñecementos que aparecen nas outras unidades deste módulo. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e realización das actividades propostas e complementarias ao longo de cinco semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2.2; na cuarta e quinta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 3. Comunicación escrita

Nesta unidade vai estudar tres tipos de conceptos: técnicas de estudo, introdución á tipoloxía textual e, por último, técnicas de redacción de textos. Os contidos que aquí asimile seránlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa escrita. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas ao longo de catro semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1 nunhas catro horas de estudo. O apartado 2.2 prepararíase nunhas seis horas de estudo ao longo de dúas semanas. E, por último, na cuarta semana o apartado 2.3.

Unidade 4. Educación literaria

Dedicaremos unha media de tres sesións lectivas a esta unidade 4; na primeira semana desenvolveranse os apartados 2.1 e 2.2; na segunda, o 2.3 e na última o 2.4 cos seus respectivos subapartados.

Tamén deberá dedicarlle vostede un mínimo de tres horas semanais ao seu estudo na casa, levando a cabo as lecturas e os exercicios propostos na unidade.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 La comunicación y los signos

La comunicación es la base de las relaciones entre todos los seres vivos que habitan nuestro planeta. Existe comunicación entre especies vegetales a través del intercambio de sustancias químicas. Los animales de todas las especies se comunican por vía olfativa, auditiva o visual. Muchos animales emiten todo tipo de sonidos para comunicarse con sus semejantes como, por ejemplo, el llamado "canto de las ballenas", con sonidos que informan a sus congéneres de su posición. Las abejas realizan una especie de danza a través de la cual comunican a sus compañeras de enjambre dónde localizar el néctar de las flores.

Del mismo modo, los seres humanos vivimos integrados en comunidades y nos relacionamos utilizando también los distintos tipos de lenguaje. Por lo tanto, podemos concluir que todos los seres vivos convivimos inmersos en actos comunicativos.


El lenguaje humano es mucho más complejo que cualquier otro en la naturaleza. Se realiza por medio de signos. Un signo es una forma de expresión, perceptible por los sentidos, que representa algún concepto o idea. Los signos pueden clasificarse en función del sentido a través del cual se perciben en:

- **Signos visuales:** se perciben con la vista, como pueden ser las luces de colores de un semáforo, o las palabras escritas de un libro.
- **Signos auditivos:** se perciben mediante el oído, como el timbre de llamada de una vivienda, la sirena de la ambulancia o la letra de una canción.
- **Signos táctiles:** se perciben con el tacto, como una caricia, o el texto resaltado mediante puntos del sistema Braille de lecto-escritura para las personas ciegas.

Existen también signos olfativos y gustativos, pero son utilizados preferentemente por los animales y no por las personas. En cada serie de ejemplos hemos podido apreciar que existen signos que no necesitan de las palabras y, sin embargo, otros que precisan el uso de determinada lengua. Por ello, también es posible diferenciar entre:

- **Signos no lingüísticos:** el semáforo, el timbre o la caricia, son signos que se transmiten directamente sin necesidad del uso de palabras.
- **Signos lingüísticos:** son las palabras que componen todas las lenguas del planeta, que se pueden expresar de manera oral o a través de la escritura.

El signo lingüístico está compuesto por dos elementos: el significante y el significado. El significante es la parte física del signo lingüístico, es decir, las palabras que escuchamos o leemos. El significado es la imagen mental, la idea que se genera en nuestro cerebro al escuchar o leer esa palabra.



Los signos lingüísticos se caracterizan por ser:

- **Lineales:** tanto si los pronunciamos como si los leemos, el signo necesita ordenarse secuencialmente para expresar una idea compleja. Un cuadro o una señal de tráfico, por el contrario, se expresan de manera global.
- **Arbitrario:** no existe una relación lógica entre el significante y el significado; por eso cada lengua tiene su propia palabra distinta para expresar el concepto de "libro".
- **Convencional:** ya que todos los hablantes de una misma lengua acuerdan que cada significante se asocia a un significado determinado. De no existir esta convención entre ellos, cada uno podría usar una palabra cualquiera para el concepto "libro".

2.1.1 Elementos de la comunicación y funciones del lenguaje

Un acto de comunicación consiste en la transmisión o el intercambio de información entre dos o más seres. En el caso de la comunicación humana en este proceso entran en juego los siguientes elementos:


- **Emisor:** es quien decide enviar la información. Por ejemplo, una profesora.
- **Receptor:** es quien recibe la información. Por ejemplo, el alumnado.
- **Mensaje:** es el contenido de la información que se pretende transmitir. Por ejemplo, una explicación sobre la estructura de la célula animal.
- **Código:** es el conjunto de signos y las reglas de combinación que construyen el

mensaje. Para que la comunicación sea efectiva, tanto emisor como receptor deben compartir el mismo código. Existen diversos tipos de códigos: el de las señales de tráfico, el código Morse, el sistema de escritura Braille. Cualquier lengua es un código en sí mismo. En nuestro ejemplo, la profesora podría estar explicando en gallego.

- **Canal:** es el medio a través del que circula el mensaje. En una llamada telefónica, el canal sería el teléfono. Si leemos un libro, el canal es el papel impreso. Nuestra profesora utiliza el aire para su explicación oral.
- **Contexto:** es el conjunto de circunstancias en las que se produce el acto comunicativo. En nuestro ejemplo, el contexto o situación sería una clase de Ciencias naturales.

El siguiente esquema presenta la relaciones que se producen entre los diferentes elementos del proceso comunicativo.

ESQUEMA DE LOS ELEMENTOS DE LA COMUNICACIÓN



Funciones del lenguaje

Cuando transmitimos un mensaje, empleamos el lenguaje con alguna finalidad: ofrecer información, expresar una idea o un sentimiento, solicitar algo, dar una orden, etc.

Según el propósito perseguido por un mensaje concreto, se distinguen seis funciones del lenguaje principales. Cada una de ellas relacionada con uno de los elementos de la comunicación del esquema superior. Son las siguientes:

- **Función expresiva:** se emplea cuando el **emisor** utiliza el lenguaje para transmitir sus emociones o deseos. Por ejemplo: *¡Ganamos el partido en el último momento!*
- **Función apelativa:** se emplea cuando el mensaje pretende llamar la atención o afectar al receptor. Por ejemplo: *Haz el favor de venir ahora mismo.*

- **Función poética:** aparece cuando el **mensaje** es protagonista y se utiliza de manera estética o literaria. Por ejemplo: *A buen entendedor pocas palabras bastan.*
- **Función fática:** se utiliza para abrir o cerrar el **canal** comunicativo o mantenerlo abierto. Por ejemplo: *¿Oye?... , no te oigo bien, se va la cobertura.*
- **Función metalingüística:** se utiliza cuando el mensaje reflexiona sobre el propio **código** utilizado. Por ejemplos: *Todas las palabras esdrújulas se acentúan.*
- **Función representativa:** aparece cuando el mensaje transmite una información acerca del **contexto** o **situación**. Por ejemplo: *Mañana va a llover.*

Es difícil encontrar mensajes que respondan exclusivamente a una sola de las funciones de la comunicación. Los mensajes más habituales de la vida cotidiana suelen combinar varias funciones, aunque alguna de ellas sea la predominante.

Por ejemplo, en el contexto de un partido de baloncesto en el mensaje de una jugadora a otra: *¡María, pásame la pelota, que estoy sola!* aparecen simultáneamente las funciones fática (*¡María...*) apelativa (*pásame la pelota*) y representativa (*...estoy sola!*).

Actividades propuestas

- S1.** Explique el significado de las siguientes señales de tráfico especificando cuáles de ellas utilizan signos lingüísticos y cuáles no.



- S2.** Clasifique los siguientes signos según el sentido por el que son percibidos: una bandera, el pitido del despertador, un beso, un grito de auxilio, un mapa de carreteras, el escudo de un equipo de fútbol.
- S3.** Identifique los elementos de la comunicación que intervienen en los siguientes actos comunicativos:

- a) El árbitro de un partido de fútbol saca una tarjeta roja del bolsillo y la alza delante de un jugador con el número 5 en la camiseta.
- b) Una chica francesa le pregunta por whatsapp a su padre el tiempo que va a tardar en llegar a recogerla con su coche.
- c) Una escritora famosa ofrece una charla en una biblioteca pública acerca de la última novela que ha publicado en gallego.
- d) Una persona está viendo la televisión y aparece un anuncio de yogures en el que afirman que son muy beneficiosos para el tránsito intestinal.

S4. Explique qué función del lenguaje predomina en cada uno de estos mensajes, imaginándoselos en una situación comunicativa real:

- a) *Voy a entrar en el ascensor, cuelgo que se va a cortar la llamada.*
- b) *El lince es un animal de la península Ibérica en peligro de extinción.*
- c) *Por favor, ¿podría usted indicarme cómo llegar a la Plaza Mayor?*
- d) *Los hiatos deben señalarse siempre con una tilde sobre la vocal cerrada.*
- e) *Caminante, no hay camino, se hace camino al andar.*
- f) *Estamos contentísimos de que aprobases todas las asignaturas.*

2.1.2 Linguaxe, lingua e fala: a comunicación oral e a escrita


Para comprender correctamente a distinción entre os conceptos de **linguaxe**, **lingua** e **fala** acudiremos ás definicións que ofrece o dicionario da RAG (Real Academia Galega) para reflexionarmos sobre elas.

- A **linguaxe** é a facultade e uso, propiamente humana, de expresarse e comunicarse por medio de sons articulados, que poden ser transcritos graficamente por medio da escrita.
- A **lingua** é o código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras.
- A **fala** é a variedade dunha lingua asociada a unha área xeográfica ou a un grupo social, e tamén se refire á maneira peculiar de falar dunha persoa concreta.

Se comparamos cada unha das definicións podemos observar que cada una delas abrangue a outra, indo da máis xeral á máis particular. A linguaxe é a capacidade de calquera ser humano de aprender e utilizar unha lingua determinada, que tamén poderíamos chamar idioma, e que falará dun xeito determinado segundo unha serie

de factores diversos: a súa situación xeográfica, o seu nivel sociocultural ou a situación comunicativa concreta.

Como podemos comprobar no seguinte esquema, cada un destes conceptos abrangue os outros, do máis xeral, a linguaxe, ao máis particular, a fala.



En primeiro lugar, poñamos un exemplo que nos permita comprender mellor estes conceptos. Unha moza muxiá ten a aptitude de toda persoa de aprender a falar con palabras xa que os seres humanos gozamos desa capacidade fronte a outros seres vivos como poden ser os animais. Esa capacidade é a linguaxe. Esta rapaza escoitou e aprendeu do seu ámbito social, familiar e escolar a súa lingua nai, o galego. Tamén puido aprender a falar outras linguas coma o castelán ou o inglés, na escola, coa televisión ou na rúa. De ter nacido en Francia, de certo que falaría francés. Por último, esta moza falará o galego propio de Muxía, é dicir, o galego con trazos fonéticos, morfolóxicos e léxicos propios desa área, que serán diferentes dos dun rapaz de Chantada ou de Verín.

Unha mesma lingua pode manifestarse de dúas maneiras diferentes: a través da **comunicación oral** ou a través a **comunicación escrita**, cada unha delas con cadansúas características específicas.

A **comunicación oral** é a forma máis natural de intercambio de información humana e realízase por medio da fala. Utiliza signos sonoros, acompañados de elementos prosódicos coma a entoación ou o ritmo.

A **comunicación escrita** é a forma de reproducir a lingua por medio de signos visuais. Agás as linguas ágrafas, a maior parte das linguas posúe un sistema de escritura, alfabético ou ideográfico, mediante o que plasma os seus textos sobre soportes físicos.

Diferenzas entre a lingua oral e a escrita

- Na lingua oral a canle de comunicación é auditiva: o receptor percibe a mensaxe a través do oído. Na lingua escrita a canle é visual: o receptor le o texto coa vista.

Dúas excepcións salientables son a lingua de signos que se interpreta visualmente e o sistema Braille para cegos que se le a través do contacto dos dedos sobre o papel.

- A comunicación oral prodúcese de xeito case inmediato, xa que o emisor e o receptor están presentes simultaneamente, mesmo que estean afastados falando a través dun teléfono. Na comunicación escrita, o receptor pode interpretar a mensaxe que un emisor redactou noutro espazo e tempo atrás, polo tanto, non se produce dun xeito inmediato.
- A lingua oral é momentánea, xa que a mensaxe ten unha duración limitada asociada ao momento preciso da súa transmisión. A lingua escrita, pola contra, é perdurable e pode manterse inalterable ao longo do tempo.
- Nunha situación de comunicación oral o emisor e o receptor alternanse nos usos de palabra, de xeito que a mensaxe se vai construíndo espontaneamente coas contribucións de ambos os dous interlocutores. No caso da comunicación escrita, a mensaxe adoita ser unidireccional: o emisor escribe a mensaxe para ser lida por un ou varios receptores (unha noticia do xornal), e no caso de que se produza unha resposta por parte do receptor, esta será demorada no tempo (unha carta de resposta).
- A comunicación oral susténtase na linguaxe non verbal, a xestualidade e actitude do falante, así como na entoación e no ritmo, que transmiten tamén moita información (sorpresa, ironía, alegría, dúbida, preocupación...). A comunicación escrita precisa expresar eses elementos mediante o uso de signos de puntuación (signos de admiración ou interrogación, puntos, comas, puntos suspensivos...).
- Na lingua oral abundan as reiteracións, as frases incabadas, as estruturas máis sinxelas e as palabras comodín ou retrousos. Os falantes tenden a utilizar a súa propia variedade dialectal da lingua. A lingua escrita é máis elaborada e planificada, organiza a información mediante unha redacción máis coidada e utiliza a forma estándar ou normativizada da lingua.

Os exemplos máis comúns de actos de comunicación oral son: unha conversa entre amigos, unha entrevista de traballo, un debate na televisión, entre outras situacións. Exemplos habituais de comunicación escrita poden ser: unha carta persoal ou un correo electrónico, unha noticia do xornal, un currículo, unha novela ou un poema.

Actividades propostas

S5. Explique que tipo de comunicación, escrita ou oral, utilizaría nestas situacións:

- a) Está de vacacións nunha illa sen cobertura no teléfono móbil nin conexión a Internet e desexa contarlles esta experiencia aos seus amigos.

- b) Ten dúbidas sobre os horarios de autobús que figuran na páxina web da compañía e precisa contactar coa empresa.
- c) Quere organizarlle unha festa sorpresa a un dos seus irmáns e aproveita unha reunión familiar para repartir as tarefas.
- d) Precisa interpoñer unha reclamación como usuaria nun establecemento no que considera que non foi ben tratada.

S6. Analice que características propias da comunicación oral e da comunicación escrita comparte esta conversación establecida nun chat ou a través do whatsapp.



- S7.** Vexa os primeiros dous minutos do programa da TVG que figura na seguinte ligazón: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/puskas-na-casa> e analice con exemplos que características da comunicación oral se aprecian nesas situacións.
- S8.** Vexa a cabeceira do programa da TVG O gato con botas (ata o minuto 2:30) que figura na seguinte ligazón: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/anton-lamazares-1> e responda as cuestións:
- a) O presentador do programa anuncia o protagonista do programa mediante a comunicación oral ou a escrita? Xustifique a súa resposta.
 - b) Exemplifique as características da comunicación oral presentes nese fragmento inicial do programa.

2.1.3 La lengua formal e informal: las normas de cortesía

La mayoría de los actos de comunicación oral que realizamos a lo largo de un día son intercambios espontáneos, por lo tanto poco regulados por las normas de cortesía. Sin embargo, también podemos encontrarnos en situaciones de formalidad en las que

debemos comportarnos y expresarnos con corrección. Es muy importante saber adaptar la lengua hablada a la situación social en la que nos encontremos.

Ejemplos de situaciones informales podrían ser una reunión familiar o un encuentro entre amigos, frente al contexto formal de una entrevista de trabajo, una consulta médica o una reunión laboral.

Se llama **registro lingüístico** a la modalidad expresiva correspondiente a cada situación comunicativa concreta, que viene determinada por factores como la relación entre los interlocutores o la intención del intercambio comunicativo. Se distinguen dos tipos básicos de registros lingüísticos: el **registro formal** y el **informal**. En el cuadro siguiente se contraponen las características que definen cada uno.

REGISTRO FORMAL	REGISTRO INFORMAL
Se emplea si los interlocutores no se conocen, o si entre ellos existe diferencia de edad o algún tipo de relación jerárquica.	Se emplea si entre los interlocutores existe una relación de familiaridad, amistad o compañerismo.
Se utiliza en ámbitos laborales, institucionales o que exigen cierta solemnidad.	Se utiliza en situaciones distendidas, de intimidad y cercanía entre los participantes.
Se adopta un tono neutro que ayuda a marcar el distanciamiento o la relación desigual entre los participantes de la conversación.	Se transmite la afectividad y la subjetividad de los hablantes mediante vocativos, exclamaciones, palabras malsonantes o diminutivos.
Se corresponde con un nivel culto de lengua que utiliza un léxico más preciso y una organización más lógica de los mensajes.	Se corresponde con un nivel coloquial de lengua que admite incorrecciones, un léxico más emotivo y un mayor desorden del mensaje.

Las normas de cortesía

Además de las características señaladas en el cuadro anterior, el registro formal de la lengua adopta unas inflexiones específicas que se manifiestan en la manera de hablar a través de ciertas características gramaticales y léxicas que se resumen en:

- El empleo de los pronombres de segunda persona de cortesía **usted** y **ustedes**, que concuerdan con los verbos en 3º persona de singular o del plural, respectivamente.
- El empleo de expresiones interrogativas en lugar de imperativas cuando se expresan peticiones o deseos. Los verbos se expresan en tiempo condicional (**querría, podría**).
- El empleo de fórmulas de cortesía como: **por favor, gracias, perdón, disculpe**.
- La ausencia de rasgos propios de la lengua coloquial como las palabras malsonantes, las muletillas y las exclamaciones.

Actividades propuestas

S9. Lea este fragmento de la primera escena de la obra teatral de Jesús Alonso de Santos *La estanquera de Vallecas* y responda a las preguntas:

- a) Justifique con ejemplos qué registro lingüístico utilizan los personajes.
- b) Justifique con ejemplos qué registro lingüístico utiliza el autor en las acotaciones (textos entre paréntesis que explican la actuación de los personajes).
- c) Localice algún ejemplo de normas de cortesía propias del registro formal.

TOCHO.- Un paquete de Fortuna, señora. (La anciana se lo alcanza y él se busca los duros disimulando, mientras el otro vigila de reojo. A una seña se lanzan al lío, amaneciendo en un tris en las manos del más joven un pistolón de aquí te espero, con el que se hace dueño de la situación.) ¡Manos arriba! ¡Esto es un atraco, como en el cine! ¡Señora, la pasta o la mando al otro barrio!

ABUELA.- ¡Ay, Jesús. María y José! ¡Ay, Cristo bendito! ¡Santa Águeda de mi corazón! ¡Santa Catalina de Siena!

TOCHO.- Déjese de santos y levante el ladrillo. No nos busque complicaciones y a lo mejor le dejamos pa la compra de mañana. ¡Venga. Que se nos hace tarde y nos van a cerrar! ¡Qué pasa! ¡La pasta o la pego un tiro, ya!

LEANDRO.- (Entrando desde la puerta.) ¿Qué? ¿Está sorda o no oye? ¡El dinero! (LA ABUELA, que se ha quedado un momento petrificada, se arranca de repente por peteneras y se pone a dar unos gritos que pa qué)

ABUELA.- ¡Socorro! ¡Socorro, que nos roban!

LEANDRO.- ¡Agarra a esa loca, que nos manda a los dos a Carabanchel!

TOCHO.- ¡Calle! ¡Calle, condenada, o la ... ¡

(Tocho la sujeta a duras penas tapándole la boca, mientras Leandro echa el cierre al negocio atrancando la puerta. Luego saca una navaja y avanza hacia la vieja y la cosa se pone negra y a punto de salir en " *El Caso* " en primera página)

LEANDRO.- ¡A ver si nos estamos quieta! Esto no es ninguna broma. Si grita otra vez le saco las tripas al aire a ventilarse. ¿Me oye ?

TOCHO.- Sera animal, no se pone a dar gritos así por las buenas (Se oye un ruido arriba de unas escaleras)
¡Chisss, hay alguien arriba ! ¡La escalera, cuidado!

(Sujeta a la vieja apuntándola, mientras Leandro, navaja en mano, se esconde junto a la escalera para coger al que baje. Aparece entonces Ángeles, la nieta, delgaducha y con gafas.)

ÁNGELES.- ¿Pasa algo abuela?, ¿quiere las gotas?

TOCHO.- Esto no se arregla con gotas. Bienvenida a la reunión, pequeña. ¡Baja, baja! Así somos cuatro y nos podemos echar un tute si se cuadra.

Jesús Alonso de Santos, *La estanquera de Vallecas*.

S10. Vea los cuatro primeros minutos del video que aparece en el siguiente enlace web y localice ejemplos de características del registro formal:

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-entrevista-doctor-jordi-montero-neurologo-dolor-cronico/3916884/>

- S11.** Subraye las ideas más importantes de este texto. Luego determine cuáles son las ideas principales que explica. Reflexione sobre ellas y después de anotar en un borrador su propia opinión al respecto, redacte un texto de entre 50 a 100 palabras que exponga su visión sobre este tema.

Las mujeres y los hombres no conciben la conversación de la misma forma y esto les lleva a la adopción de distintos comportamientos por parte de unas y de otros. En las charlas informales los hombres tienden al intercambio de información y a la expresión de la opinión personal con la intención de que esta prevalezca; sin embargo, para la mayoría de las mujeres el fin del diálogo es el establecimiento y mantenimiento de relaciones sociales, por lo que el interés principal recae en estrechar los lazos que las unen a sus interlocutores.

Irene Lozano, *Lenguaje masculino, lenguaje femenino*.

2.2 Clasificación dos textos orais

2.2.1 Textos orais informais: a conversa espontánea

A **conversa** é a forma máis primaria e máis común da comunicación humana. Identifícase co **diálogo**, un tipo de texto no que os **interlocutores** participan dun xeito interactivo intercambiando información. Por tratarse dun texto oral de carácter informal moitas das súas características xa foron mencionadas previamente.

CARACTERÍSTICAS DA CONVERSA ESPONTÁNEA	
Inmediatez	Os interlocutores están presentes simultaneamente ou poden conectarse por medios artificiais, coma o teléfono.
Ausencia de planificación	O tema non está decidido previamente e no transcurso da conversa poden variar os asuntos de xeito improvisado.
Aternancia e influencia	Emisor e receptor alternan os seus roles e aféctanse mutuamente á hora de intercambiar a información.
Principios conversacionais	Os cambios nas quendas de palabra adoitan estar rexidos polos principios de cooperación e cortesía.
Rexistro informal	Predomina o rexistro coloquial mediante elementos emotivos e subxectivos como exclamacións, vocativos, diminutivos...
Linguaxe non verbal	A mensaxe falada aparece reforzada por elementos como a entoación, o ritmo, os xestos ou a actitude dos falantes.

En ocasións a conversa non é totalmente espontánea e foi planificada previamente, como pode ser no caso das **entrevistas**. Unha entrevista de traballo ou a entrevista a algún personaxe destacado nun medio de comunicación non son casos de conversa espontánea, xa que a relación entre interlocutores non é xa igualitaria, e tanto a finalidade como o tema han de estar fixados con antelación.

A fraseoloxía na conversa espontánea

Un dos trazos máis salientables do rexistro informal e da conversa espontánea é a utilización de expresión coloquiais, **frases feitas**, **modismos** ou **refrás**, que reforzan a afectividade e o propósito do discurso. A lingua galega posúe un abondoso acervo deste tipo de expresións que foron transmitíndose de xeración en xeración e que cómpre conservar. O xeito máis práctico de mantelas vivas na fala é usalas decotío.

Na seguinte ligazón aparecen unha relación dalgunhas destas expresións organizadas por bloques a modo de xogo. En primeiro lugar aparecen as frases feitas e, en segundo lugar, proverbios ou refrás. E no último lugar, unha serie de adiviñas para rematar o xogo.

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1296813709/contido/Galego/exercicios/frases.htm#2>

2.2.2 Textos orais dos medios de comunicación

O progreso tecnolóxico dos medios de comunicación de masas deu lugar á aparición da **radio** a principios do século XX e da **televisión** a mediados do mesmo século. No cambio de milenio a elas uníronselles os novos medios de comunicación baseados nas novas tecnoloxías da información.

A finalidade de ambos os medios e a dos seus equivalentes nos novos soportes informáticos é **informar**, **entreter** e **persuadir** a audiencia.

A mensaxe radiofónica transmítese exclusivamente polo sentido do oído, polo que as súas mensaxes poden ser consideradas textos orais puros. No caso da televisión, a comunicación realízase mediante un código mixto que combina palabra falada, texto escrito e imaxes en movemento. Radio e televisión organizan a información en bloques de contido ou **programas**, cuxas características varían en función da súa intención e temática.

Elementos da mensaxe radiofónica

A **palabra** é o instrumento fundamental da mensaxe de radio. A persona que guía un programa de radio recibe o nome de **locutor** ou **locutora**. A súa voz ha de resultar clara e cunha correcta vocalización. Cómpre concisión nas mensaxes e unha orde lóxica dos elementos da oración para evitar ambigüidades ou faltas de sentido, xa que a audiencia non conta con elementos visuais que acompañen e reforcen a mensaxe oral.

- A música é outro elemento esencial no medio radiofónico, xa que ten unha enorme capacidade de evocar e suxerir significados. A súa función é acompañar, reforzar e

envolver o discurso falado dos locutores. Todos os programas se identifican con cadansúa sintonía, e os fragmentos musicais breves sinalan as seccións dentro dun mesmo programa.

- Os **efectos de son** colaboran na creación do ambiente de cada programa. Estes poden evocar algúns sons da vida real como fenómenos naturais (vento, choiva, un curso de auga...) ou sons ambientais (tráfico, fábricas...). Tamén poden ser produtos sonoros breves como os pitos dos sinais horarios, as marcas acústicas de erro ou acerto dun concurso...
- O silencio é, paradoxalmente, un importantísimo recurso expresivo nun medio que se compón unicamente de son. As pausas son fundamentais para que os oíntes poidan ir recibindo unha comprensión global e correcta da información. Calquera locutor pode utilizalo de xeito voluntario para xerar expectativa, suspense ou mesmo a emoción na audiencia.

Elementos da mensaxe televisiva ou audiovisual

A linguaxe audiovisual participa dos mesmos elementos que a linguaxe radiofónica (palabra, música, sons e silencio) pero combinados cun elemento diferencial que prevalece sobre os demais, que é a **imaxe**.

- A **iluminación** e as **cores**, xunto cos **planos** e os **movementos da cámara** configuran o elemento visual. O valor emocional das imaxes impoñe moitas veces sobre o texto oral ou escrito que as acompaña, xa que as mensaxes audiovisuais son procesadas e integradas no noso cerebro dun xeito global.
- Os **textos orais** da mensaxe audiovisual poden adoptar varias modalidades básicas:
 - O monólogo, no caso dos locutores de informativos ou presentadores de programas de contido variado.
 - O diálogo, no caso de programas de entrevistas, tertulias ou debates.
 - A voz en off dos locutores pode aparecer, cando se escoita gravada, xunto a imaxes sen a presenza física da persoa que fala.
- Os **textos escritos** da mensaxe audiovisual utilízanse en combinación coas imaxes en contextos moi determinados:
 - na **portada** dun programa para resaltar o seu nome.
 - nos **créditos** (dirección, cámaras, técnicos de son...)
 - nos **rótulos** que acompañan, por exemplo, os titulares dun telexornal resumindo só os datos máis salientables da noticia.

- O texto escrito tamén é imprescindible nas mensaxes publicitarias, xa que adoita reproducir na escrita o **slogan** do produto e o nome da marca.

Actividades propostas

- S12.** Clasifique as conversas que aparecen nos primeiros cinco minutos destas ligazóns como espontáneas ou non espontáneas, e sinale as súas características principais.

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-23-02-2017-2747388>

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/sala-5-sala-5-do-dia-18-02-2017-2734549>

- S13.** Mire esta reportaxe acerca da fraseoloxía galega que aparece na seguinte ligazón e responda estas preguntas: <http://www.crtvg.es/informativos/presentan-en-santiago-para-dar-trela-un-libro-que-quere-recuperar-a-fraseoloxia-galega-2404618>

- a) Quen segue a utilizar na actualidade os refráns e quen deixou de usalos?
- b) Cal é o mellor xeito de aprender a usar este tipo de expresións?
- c) Por que a fraseoloxía é unha riqueza segundo o Secretario de Política Lingüística?
- d) Anote todas as expresións que aparecen na reportaxe e busque os seu significado.

- S14.** Escoite o principio desta emisión do programa *Cóñecer Galicia* e analice como se combinan a música e a voz da locutora durante a cabeceira do programa:

<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/conecer-galicia-conecer-galicia-do-dia-24-02-2017-2749974/>

- S15.** Describa e analice a combinación de imaxe, texto oral e texto escrito dos primeiros catro minutos desta reportaxe sobre Lires: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/lires/>

2.2.3 Textos orales formales monologados y dialogados

Los textos orales formales se pueden dividir en dos grupos, según intervenga un solo hablante en forma de **monólogo**, o bien intervengan varios individuos a modo de **diálogo**.

Textos orales formales monologados

El **discurso** es uno de los textos orales monologados de mayor formalidad. Está reservado para intervenciones solemnes en actos públicos de cierta relevancia, por ello se utiliza un nivel culto de la lengua y un registro formal. Existen discursos con un contenido puramente expositivo, como los que se leen en las recepciones de mandatarios políticos o en entregas solemnes de premios. También hay discursos con intención persuasiva, como los alegatos ante tribunales de justicia o parlamentos políticos.

La **conferencia** es una exposición oral de carácter didáctico o divulgativo ofrecida por alguna persona experta en un tema determinado. Se realiza en ambientes académicos como universidades o congresos especializados. Diversas instituciones culturales o científicas también suelen organizar ciclos de conferencias en centros culturales, en institutos, en bibliotecas, etc.

Ambas modalidades textuales comparten unas características comunes:

- El texto se ha de articular en torno a un **tema central**, alrededor del cual la persona oradora desplegará sus conocimientos y sus ideas.
- Su **estructura** básica ha de constar de:
 - Una introducción o presentación del tema.
 - Un cuerpo del discurso/conferencia en donde se desarrollan las ideas principales y secundarias, acompañadas de argumentos propios o de autoridad, encadenando todo ello de manera lógica para que al auditorio le resulte fácil su comprensión.
 - Una conclusión o cierre, con la función de resumir las ideas expuestas previamente, focalizar aquellas de mayor importancia y proponer cuestiones para la reflexión o el debate por parte del público.
- La conferenciante o el orador han de adaptarse al nivel de conocimientos de la audiencia sobre el tema tratado. Han de tener recursos para transmitir la información de manera atrayente y amena. Y sobre todo, han de dominar no solo la destreza verbal, sino también la entonación, el ritmo, las pausas y el lenguaje gestual: la mirada, el movimiento de las manos, la posición corporal, etc.

Textos orales formales dialogados

El **debate** es un intercambio de opiniones sobre un tema determinado en el que los intervinientes defienden sus posturas, generalmente antagónicas, de manera argumentada. Existen diversos tipos de debate: **mesas redondas, debates políticos** (electorales o parlamentarios). Los debates exigen la presencia de una persona **moderadora**, cuyas funciones son: introducir el tema, presentar a los participantes y regular los turnos de palabra de modo equilibrado.

Las características que definen los debates son:

- El **tema central** del debate ha de fijarse de antemano para que los polemistas puedan preparar previamente sus argumentaciones.
- Su **estructura** es cuatripartita:
 - Una **presentación** del tema a debate por parte de la persona moderadora.
 - Un **primer turno de palabra** para cada participante en que expondrá su postura de partida ante el asunto que se debate.
 - El **desarrollo** del debate, en el que las intervenciones estarán reguladas por la persona moderadora y cada interviniente despliega sus dotes oratorias para defender sus ideas y contraargumentar las de sus oponentes.
 - Un **cierre** del debate, en el que cada debatiente puede concluir sus argumentaciones y exponer algún tipo de alegato final.
- La alternancia en los turnos de palabra ha de ser equitativa y los participantes han de mostrar respeto por el turno de palabra de los demás, evitando en lo posible las interrupciones. Como en todos los textos descritos en este apartado, el registro utilizado ha de ser formal, manteniendo en todo momento las normas de cortesía oportunas.

Además del debate, existen otros tipos de intercambio de opiniones dialogados:

La **tertulia**: conversación menos formal que un debate entre un grupo de asistentes, que comparten sus impresiones acerca de algún tema prefijado por algún moderador o alguna presentadora, en el caso de tertulias televisivas o radiofónicas. En las tertulias, el registro de lengua puede ser más cercano al coloquial. Es muy habitual que los clubes de lectura realicen tertulias periódicas para compartir sus apreciaciones sobre los libros propuestos.

El **coloquio** es un diálogo establecido entre un grupo de especialistas sobre un tema a los cuales el público asistente plantea una serie de preguntas. La persona moderadora es quien controla el turno de preguntas. Los coloquios suelen organizarse al final de alguna otra actividad, como puede ser la proyección de una película, una conferencia o la presentación de un libro.

Actividades propuestas

S16. Después de ver los quince primeros minutos de este video, conteste la pregunta:<http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-debate-educar-para-leer/2113306/>

- a) Según los participantes, ¿qué razones provocan el abandono del hábito de la lectura por parte de los españoles?
- b) ¿A qué edades se pierde la afición a la lectura? ¿Por qué sucede? ¿Existe alguna diferencia entre hombres y mujeres?
- c) ¿Cómo conviven la lectura y las nuevas tecnologías en la actualidad?
- d) Analice las características de la conversación que presenta el video y clasifíquela razonadamente como alguno de los textos orales formales dialogados.


2.3 Las familias lingüísticas y nuestras lenguas

2.3.1 Las lenguas de Europa


La lingüística ha intentado clasificar las lenguas habladas en el mundo basándose en el estudio comparativo de los idiomas y en el grado de similitud entre ellos. Cuando varias lenguas presentan un nivel determinado de semejanzas, se supone que comparten un origen común. Una **familia lingüística** es un conjunto de lenguas que guardan parentesco entre sí porque proceden de una lengua común.

Casi todas las lenguas que en la actualidad se hablan en Europa tienen su origen en una lengua primigenia, el **indoeuropeo**. Los indoeuropeos eran tribus de pueblos agricultores y ganaderos que vivían en los vastos territorios sobre el mar Negro y el mar Caspio y que, en torno al tercer milenio antes de nuestra era, se desplazaron hacia el centro de Europa y hacia el sur de Asia en sucesivas oleadas migratorias.

La familia de lenguas indoeuropea es una de las más extendidas geográficamente en el planeta y no sólo incluye la mayor parte de las lenguas europeas, sino que también se extiende por Irán, Afganistán y el subcontinente indio. El indoeuropeo evolucionó en distintos territorios de Europa hacia una serie de lenguas que ya no se hablan en la actualidad y que son, por ello, **lenguas muertas**. De esas lenguas antiguas como el **latín**, el **germánico**, el **eslavo** o el **celta** derivan los actuales idiomas modernos.



La rama lingüística a la que pertenecen el **gallego** y el **castellano** o **español** se denomina familia de **lenguas románicas**, ya que todas ellas proceden de la evolución del **latín vulgar** en los diferentes territorios del Imperio romano. Las únicas lenguas europeas que no forman parte de esta gran familia indoeuropea son: el **vasco** (**euskera**), el **sami** (en Laponia), el **finés**, el **estonio**, el **húngaro** y el **turco**.



Actividades propuestas

S17. Busque las definiciones de **lengua minoritaria** y **lengua minorizada**. Reflexione sobre ellas y, tras recabar algunos datos más, conteste estas preguntas:

- a) ¿Cuántos hablantes de **provenzal** u **occitano** existen hoy en día? ¿En qué región de Europa se habla? ¿Se trata de una lengua minoritaria o minorizada?
- b) ¿Cuántos hablantes de **flamenco** existen en la actualidad? ¿En qué región de Europa se habla? ¿Se trata de una lengua minoritaria o minorizada?

S18. Clasifique estas veinte lenguas en dos grandes conjuntos: **lenguas indoeuropeas** y **lenguas no indoeuropeas**. Luego realice un subconjunto dentro del primero donde debe reunir aquellas que sean **lenguas románicas**.

Japonés, inglés, griego, turco, polaco, árabe, portugués, catalán, ruso, gallego, sardo, danés, vasco, bretón, finés, chino, rumano, gaélico, quechua, alemán.

2.3.2 O galego-portugués e os países da lusofonía

No lento proceso de evolución do **latín** ás linguas romances, a variante do latín vulgar falada no noroeste da península ibérica durante a Idade Media, entre os séculos IX ao XV, recibiu o nome de **galego-portugués**. O territorio que abarcaba a súa fala coincidía de xeito aproximado coa antiga provincia romana da *Gallaecia*, que se correspondía coa actual Galicia, o norte de Portugal até o Douro e a franxa occidental das provincias de Asturias, León e Zamora.

O **galego** e o **portugués**, polo tanto, compartiron a súa primeira etapa de formación sendo unha lingua común. Probas do seu esplendor literario son os corpus de **cantigas de amor, de amigo, de escarnio e maldicer**, xunto coas **Cantigas de Santa María**, escritas nas cortes dos reis portugueses e casteláns durante a Idade Media.

A evolución das dúas linguas seguiu camiños diverxentes por motivos históricos. Cando Afonso Henriques (Afonso I de Portugal) se independiza do seu curmán Afonso Reimúndez (Afonso VII de Galicia, León e Castela) o reino de Portugal comeza no ano 1139 a súa propia andaina histórica. Galicia será anexionada ao reino de León, e posteriormente ao de Castela. Estes feitos fixaron unha fronteira política no río Miño e na raia ourensá que provocou que as falas de senllos territorios foran arredándose a unha da outra.

O **portugués** consolidouse como a lingua oficial do reino de Portugal e, en séculos posteriores, foi espallado polo mundo grazas aos navegantes e aos conquistadores portugueses. O **galego**, pola contra, experimentou a partir do século XV un progresivo

proceso de marxinación en Galicia, que dará paso aos chamados **Séculos Escuros** (ss. XVI-XVIII), etapa na que o seu uso quedou reducido á fala cotiá e á condición de dialecto rústico.

Os países da lusofonía

O desenvolvemento das viaxes ultramarinas durante o século XV propiciou o espallamento da lingua portuguesa polo mundo. Os primeiros mariños europeos que circunnavegaron África foron portugueses. No seu percorrido ata as costas da China e do Xapón foron fundando colonias comerciais nas que a cultura portuguesa se mesturou coas tradicións locais e deron orixe aos actuais países de fala portuguesa.

Tras o descubrimento de Cristóbal Colón das terras alén do Atlántico, as coroas de Castela e Portugal firmaron o *Tratado de Tordesillas* (1494) no que se marcaba unha liña divisoria entre os territorios do Novo Mundo que cada reino podía conquistar e colonizar. Iso deu pé a que todo o territorio que actualmente ocupan os Estados Unidos do Brasil caese baixo influencia portuguesa.

O resultado de todos estes avatares históricos fixo que o portugués se fale hoxe en día en países de catro continentes. Todos eles manteñen lazos culturais e históricos de unión, dos cales é vehículo fundamental a lingua portuguesa. Os **países da lusofonía** son hoxe en día **Portugal**, **Brasil**, países africanos como **Cabo Verde**, **Guinea-Bisau**, **San Tomé e Príncipe**, **Angola** e **Mozambique**, lugares de Asia como **Goa** ou **Timor-Leste** e cidades chinesas como **Macau**.

A orixe común das linguas galega e portuguesa e a súa proximidade física, cultural e gramatical fai que poidamos incluír **Galicia** como un territorio máis da lusofonía.

MAPA DO PAÍSES DA LUSOFONÍA



Actividades propostas

S19. Lea o artigo que figura nesta ligazón e responda as seguintes cuestións:

https://www.rtp.pt/noticias/pais/proposta-a-integracao-da-galiza-na-comunidade-dos-paises-de-lingua-portuguesa_n949280/

a) Que beneficios reportará a Galicia entrar a formar parte da CPLP? Que dereitos adquiren os países que conseguen o estatuto de observadores na CPLP?

b) Cal foi o último país en ser admitido como membro oficial da CPLP? Cales foron as condicións que se lle impuxeron dende a CPLP?

S20. Lea estes parágrafos que figuran nunha das campañas da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta "O galego, chave para os teus negocios". Tomando estas ideas como punto de partida, redacte un texto de entre 20 a 30 liñas no que responda esta cuestión: Como beneficia a Galicia a súa pertenza á lusofonía?

O galego é un valor cultural que nos identifica como pobo, mais tamén nos conecta cunha comunidade maior de case 200 millóns de persoas que falan portugués, xa que permite a intercomprensión sen necesidade de mediación. Este valor cultural transfórmase en valor económico cando falamos de negocios e de elementos tan importantes para estes como a comunicación. O galego non só permite a comunicación coa lusofonía, senón que xera o clima de confianza que proporciona comunicarse sen intermediacións.

Mentres en todo o mundo se populariza o ensino do portugués como lingua de proxección internacional, o empresariado galego dispón dun valor que o sitúa en clara vantaxe neste contexto. Só ten que saber aproveitalo.

2.3.3 Las lenguas del Estado español

España es un Estado purilingüe porque en todo su territorio se hablan varias lenguas diferentes. El título preliminar del artículo 3 de la Constitución española del 1978 reza así:

1. El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla.

2. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos.

3. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección.

La mayoría de las personas cree que ser monolingüe es la norma. Sin embargo, la realidad es que no existen países en Europa puramente monolingües. Por ejemplo, solemos pensar que Portugal es monolingüe, cuando no lo es realmente, ya que en la región de Trás-os-Montes e Alto Douro es considerada lengua cooficial el **mirandés**, que se habla en la comarca de Miranda do Douro. El plurilingüismo podría considerarse como una condición más natural que el monolingüismo para el ser humano.

Las lenguas oficiales, además del castellano, en otros territorios del Estado español son: el **gallego**, el **catalán**, el **valenciano** y el **vasco**. Las tres primeras son lenguas románicas, es decir, que derivan del latín. Por el contrario, se desconoce el origen del vasco. Probablemente sea una antiquísima lengua preindoeuropea.

El **gallego** se habla en Galicia y en los territorios fronterizos de Asturias, León y Zamora; así como en la comarca extremeña de la provincia de Cáceres, fronteriza con Portugal, denominada valle del Jálama. Es hablado por unos tres millones de personas y presenta tres áreas dialectales principales: gallego occidental, central y oriental.

El **vasco**, o **euskera**, se habla en el País Vasco, gran parte de la Comunidad Foral de Navarra y en el País Vasco francés, las regiones sudoccidentales de Francia que limitan con el este de Guipúzcoa y el norte de Navarra. Cuenta con algo más de 700.000 hablantes activos y está bastante fraccionado en dialectos: occidental en Vizcaya, central en Guipúzcoa, navarro en Navarra. Los dialectos del euskera en Francia son el labortano y el suletino. En la Administración, los medios de comunicación y la enseñanza se utiliza el llamado **euskera batúa**, la lengua vasca unificada, estándar o normativa.

El **catalán** lo hablan unos diez millones de personas en Cataluña, en las islas Baleares, en la franja del norte de Aragón limítrofe con Cataluña, en el principado de Andorra y en la región francesa del Rosellón, así como en la ciudad de L'Alguer en el noroeste de la isla de Cerdeña. Presenta dos áreas dialectales fundamentales: oriental y occidental. Dentro del área occidental se ubica el valenciano, que es una de las variantes levantinas del catalán que ha adquirido el rango de lengua oficial con la creación de la *Acadèmia Valenciana de la Llengua* y su reconocimiento de lengua oficial de la Comunidad Valenciana.

En el valle de Arán, una comarca pirenaica de la provincia de Lleida, existe un lengua de origen occitano, el **aranés**, que se considera cooficial en toda Cataluña según su Estatuto de Autonomía.



Actividades propuestas

S21. Aprecie el origen común de las lenguas de origen románico del Estado español frente a la procedencia desconocida del vasco completando este cuadro con la ayuda de diccionarios de las diferentes lenguas.

CASTELLANO	GALLEGO	CATALÁN	VASCO
tierra			
fuelle			
lluvia			
ojo			
hacer			
hijo			

2.3.4 A normalización da lingua galega

A **normalización** dunha lingua consiste na recuperación do status normal dunha lingua, ou sexa, conseguir que o seu uso oral e escrito sexa natural e espontáneo en calquera das situacións que se poden producir na vida pública e privada dos habitantes dun país.

O galego foi un idioma que nunca perdeu a súa condición de lingua maioritaria no seu territorio propio, mais padeceu durante séculos unha marxinación que o mantivo afastado dos usos institucionais e oficiais e relegado á condición de lingua oral familiar. O galego foi desprazado polo castelán dos espazos de poder económico, político e cultural. Esta situación converteuno nunha **lingua minorizada**. Normalizar o galego significa recuperar a súa presenza en todo tipo de situacións e actividades da vida social, cultural, comercial, administrativa, política e xudicial.

Denominamos, polo tanto, normalización lingüística ao proceso de adquisición por parte do galego de funcións e ámbitos de uso e recuperación daqueles que lle foron usurpados polo castelán.

Os **plans de normalización lingüística** perseguen o establecemento de medidas políticas, legais, sociais e lingüísticas para a recuperación do idioma marxinado que posibiliten a posterior convivencia harmónica de ambas as dúas linguas.

As estratexias de planificación lingüística deben incidir nos seguintes eidos:

- **A lexislación e a administración:** o Goberno galego debe comprometerse coa defensa da lingua propia de Galicia e ten a responsabilidade de elaborar e promulgar leis que a protexan e fomenten o seu uso nas diferentes áreas da vida social nas que está ameazada. As diferentes áreas da administración deben utilizar o galego como lingua vehicular co propósito de elevar o seus status de lingua.
- **O ensino:** a administración educativa galega debe promover o uso do galego non soamente como unha materia máis do currículo escolar, senón como lingua de uso ordinario en todo tipo de materias, tanto científicas como humanísticas, así como en calquera etapa educativa, dende a gardaría ata a universidade. O obxectivo é que o alumnado sexa competente en galego en calquera ámbito de coñecemento ao rematar os seus estudos. Os **Equipos de Dinamización da Lingua Galega** traballan na normalización da lingua no ámbito educativo dentro dos centros.
- **Os medios de comunicación:** a presenza do galego nos medios de comunicación de masas é moi escasa. Actualmente redúcese ás dúas canles de televisión e a de

radio da RTVG. A presenza do galego en xornais en papel é insignificante, mais a aparición da prensa dixital veu acompañada da proliferación dos primeiros xornais galegos en rede: **Sermos Galiza, Galicia Hoxe, Galicia confidencial, Noticieiro galego**. Porén, a necesidade de ter coñecementos informáticos e unha infraestrutura determinada fai que parte da poboación galega, en especial as persoas maiores e os habitantes do rural, non teñan as mesmas posibilidades de acceso a estes medios.

- O **ámbito privado**: tamén no mundo empresarial existen campañas comerciais que procuran a normalización do galego. Existen empresas que incentivan a atención ao cliente en galego e que o utilizan na súa publicidade escrita, de radio ou de televisión.

Existen asociacións que defenden a normalización da lingua galega dende outros presupostos. A máis salientable polo seu labor e a súa traxectoria é a **Mesa pola Normalización Lingüística**, creada no ano 1986 e que na súa páxina web se define como:

"A MESA pola Normalización Lingüística é unha plataforma independente, plural e apartidaria que ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma. O seu papel é o de emprender iniciativas que sensibilicen a poboación e que abran novas vías de uso do noso idioma en distintos ámbitos, así como denunciar todo tipo de agresións e discriminacións que poida sufrir a lingua galega e asegurar que se respecte o seu uso individual e colectivo."

Outras plataformas existentes en prol da defensa e promoción da lingua galega son **Queremos galego** ou **Prolingua**, que perseguen a normalización naqueles espazos onde o idioma galego non goza aínda da presenza desexada (medios de comunicación, empresa privada, xustiza) e esixen que se cumpra de xeito pleno a lexislación existente en materia lingüística.

Actividades propostas

S22. Conteste as seguintes preguntas e reflexione acerca dos seus hábitos lingüísticos, explicando por que utiliza o galego, o castelán ou as dúas linguas indistintamente:

- a) Que lingua fala no seu ámbito familiar?
- b) Que lingua utiliza maioritariamente nas súas relacións sociais e amistosas?
- c) En que lingua adoita ler libros ou cómics?

- d) En que lingua le xornais e revistas?
- e) En que lingua estuda e prepara os seus apuntamentos escolares?
- f) En que lingua contesta os seus exames?
- g) En que lingua se dirixe aos dependentes dos comercios?
- h) En que lingua fala co seu médico de familia?

S23. Redacte un texto dunhas 200 a 300 palabras que recolla as respostas do exercicio anterior, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) O texto ha de ter un párrafo introdutorio que presente o tema.
- b) Os parágrafos seguintes han de desenvolver as respostas na orde que aparecen no exercicio 22 reunindo no mesmo parágrafo aqueles que aborden un mesmo ámbito de uso da lingua.
- c) O texto pecharase cun último parágrafo que exprese a súa valoración persoal.
- d) Ao remate, faga unha atenta lectura do resultado para corrixir os erros ortográficos e de redacción que haxa.
- e) Unha vez revisado o texto, escolla un título que se axuste ao seu contido.

3. Resumo de contidos

A **linguaxe** é a capacidade de calquera ser humano de se comunicar por medio de sons articulados foneticamente. Utiliza **signos** para representar os conceptos, que poden ser visuais, auditivos ou táctiles. O signo lingüístico componse de dous planos: o elemento físico, chamado **significante**, e a imaxe mental, o **significado**.

Un **acto de comunicación** prodúcese sempre nun contexto **concreto** no que un **emisor** lle traslada unha determinada **mensaxe** a un **receptor**, utilizando un **código** compartido por ambos e a través dunha **canle** que posibilite a súa transmisión. Cada un destes elementos do proceso comunicativo leva asociada unha determinada **función da linguaxe**.

A **lingua oral** maniféstase a través da fala. É inmediata e momentánea, e complementase coa linguaxe non verbal. A **lingua escrita** transcribe as mensaxes mediante signos visuais ou táctiles para ser lidos, polo que presenta unha maior elaboración e pode perdurar no tempo. Non precisa da inmediatez e a interacción entre emisor e receptor.

Debe utilizarse un **rexistro formal** da lingua cando a situación o require. Caracterízase polo uso dos pronomes de cortesía (*vostede/vostedes*) e as fórmulas de cortesía. O **rexistro informal** emprégase en situacións de familiaridade ou cercanía e correspóndese co nivel coloquial da lingua. A **conversa espontánea** é o tipo de texto oral máis común da vida cotiá. No diálogo os interlocutores expresan a súa subxectividade e adoitan utilizar **frases feitas**.

Os **textos orais dos medios de comunicación** pretenden informar, entreter e persuadir a audiencia. Nos **textos radiofónicos** a palabra vai arroupada coa música, os efectos de son e os silencios. Na **mensaxe audiovisual**, a imaxe ten un peso específico que se complementa coas intervencións orais ou escritas.

Os **textos orais formais** poden ser **monologados**, coma unha **conferencia** ou un **discurso**. Ambos presentan a mesma estrutura básica: presentación do tema, o corpo central do texto e unha conclusión. Os **textos orais formais dialogados** son o **debate**, a **tertulia** e o **coloquio**. Neles os participantes confrontan as súas diferentes ideas sobre un tema central argumentando as súas posturas.

A maior parte das linguas europeas proceden dunha primixenia lingua chamada **indoeuropeo**. A familia de **linguas románicas** intégrana as linguas que derivan do **latín**, e a ela pertencen o **galego** e o **castelán**, xunto ao portugués, o francés ou o

italiano. O galego comparte unha orixe común co portugués, e forma parte do conxunto de países da **lusofonía**, que son todos aqueles que manteñen a lingua portuguesa como canle de unión.

As linguas oficiais do Estado español son: o **castelán** en todo o territorio, e o **galego**, o **vasco**, o **catalán** e o **valenciano** en cadansúa comunidade autónoma. O **aranés** é cooficial tamén en Cataluña. O galego sofre unha situación de **minorización** fronte ao castelán, polo que precisa de plans de **normalización** que tentan recuperar a súa presenza en todos e calquera dos ámbitos da vida, en especial, aqueles que dotan a lingua de status e de prestixio.

4. Actividades complementarias

ACTIVIDADES EN LINGUA GALEGA

S24. Escriba tres exemplos de cada clase de signos:


- Signos visuais.
- Signos auditivos.
- Signos lingüísticos.
- Signos non lingüísticos.

S25. Reflexione sobre estes dous supostos e responda estas cuestións:

- a) Alguén escoita unha canción nunha lingua estranxeira que non coñece; existe comunicación nese caso?
- b) Unha persoa xordomuda achégasenos cun plano da cidade na man e un papel na man cun enderezo anotado. É posible comunicármonos?

S26. Escriba unha oración na que predomine cada unha das diferentes funcións da linguaxe: expresiva, apelativa, poética, fática, metalingüística e representativa.

S27. Describa a situación comunicativa que representa o cadro *Le moulin de la gallette* de Jean Renoir e defina os elementos da comunicación que participan da escena.



S28. Vexa esta reportaxe televisiva sobre o Club de Debate Compostela e responda as preguntas:

<http://www.crtvg.es/informativos/o-club-de-debate-compostela-unico-nas-universidades-galegas-e-pioneiro-en-espana-presentanos-a-sua-liga-interna-464212>

- a) Cales son as facultades que achegan máis integrantes a este club universitario de debate? Ten que ver a práctica do debate coa súa formación profesional?
- b) Por que a habilidade de discusión e de debate é tan importante segundo a opinión da vicedecana da Facultade de Matemáticas, Dña. Helena Vázquez Abal?
- c) Como se enfoca o ensino da expresión oral noutros países, segundo ela?
- d) Como se organizan internamente os debates neste club?

S29. Estes tres textos correspóndense coa primeira oración da obra de Miguel de Cervantes *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*. Responda as preguntas:

- 1º. En un lugar de la Mancha, de cuyo nombre no quiero acordarme, no ha mucho tiempo que vivía un hidalgo de los de lanza en astillero, adarga antigua, rocín flaco y galgo corredor.

2º. Nun lugar da Mancha, de cuxo nome non quero lembrarme, non hai moito tempo que vivía un fidalgo dos de lanza en estaleiro, adarga antiga, faco fraco e galgo corredor.

3º. A cert poblet de la Mancha de qual nom no vull recordarme, no fa pas gaire, hi vivia un hidalgo d'aquells de llansa en candelerero, adarga antiga, rocí flach y galch corredor.

4º. Mantxa aldeko herri koxkor batean, izenik gogoratu nahi ez dudana, aspaldi ez dela gapare bat bizi zen, lantza altxatokian, adarga zahar, zaldi zingil eta erbi-zakur lasterkari daduzkaten horietarikoa.

- a) En que lingua está escrito cada parágrafo? Cales delas son máis parecidas entre si? Cal é a razón das súas semellanzas? Escolla catro substantivos que o exemplifiquen.
- b) Cal das catro linguas é máis diferente ás outras? Cal é a razón histórica desa desemeillanza?
- c) Por comparación cos textos anteriores, tente deducir no cuarto texto que palabras se corresponden coas palabras galegas: *lugar, lanza e antiga*.

S30. O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que os topónimos (nomes de lugares) de Galicia teñen como única forma oficial a galega. Elabore unha listaxe cos topónimos da súa comarca que escoita ou le habitualmente traducidos ao castelán e escriba ao lado a súa forma correcta.

S31. Lea atentamente varias veces o primeiro punto do título preliminar do artigo 3 da Constitución española de 1878 que figura na teoría no apartado 2.3.3 desta unidade. Reflexione sobre o mesmo e conteste razoadamente estas preguntas:

- a) Considera que todos os españois teñen o deber de coñecer o castelán?
- b) O deber de coñecer o castelán implica que estean obrigados a usalo?
- c) Se aplicásemos esta idea a Galicia e á súa lingua, todos os habitantes de Galicia teñen o deber de coñecer o galego e o dereito a usalo?

S32. Prema na seguinte ligazón do blog creado por Pilar Ponte con actividades relacionadas coa lectura da obra de Sechu Sende *Made in Galiza* e despois de ler o relato *Nin en soños vou perder a miña lingua* que aparece na presentación, conteste as cuestións que se propoñen na última diapositiva.

<http://lendomadeingaliza.blogspot.com.es/2010/08/nin-en-sonos-vou-perder-mina-lingua.html>

S33. Lea este breve fragmento do *Livro do desassossego* do escritor portugués Fernando Pessoa e intente traducilo ao galego baseándose na semellanza entre as dúas linguas, sen axuda de dicionario. Comprobe as semellanzas e as diferenzas entre as dúas linguas.

A arte consiste em fazer os outros sentir o que nós sentimos, em os libertar deles mesmos, propondo-lhes a nossa personalidade para especial libertação. O que sinto, na verdadeira substância com que o sinto, é absolutamente incomunicável; e quanto mais profundamente o sinto, tanto mais incomunicável é. Para que eu, pois, possa transmitir a outrem o que sinto, tenho que traduzir os meus sentimentos na linguagem dele, isto é, que dizer tais coisas como sendo as que eu sinto, que ele, lendo-as, sinta exactamente o que eu senti.

Fernando Pessoa, *Livro do desassossego*

S34. Escoite o seguinte podcast sobre a cantante portuguesa Aldina Duarte. Tras a presentación do locutor en castelán, reproducése un fado completo que narra a historia dun triángulo amoroso. Partindo do seu coñecemento do galego, e da semellanza co portugués, escóitea atentamente varias veces e trate logo de facer un resumo de tres ou catro liñas que recolla o contido da letra.

<http://www.rtve.es/alacarta/audios/el-fado/fado-romances-alina-duarte-08-08-16/3687034/>

S35. Vexa esta reportaxe do *Telexornal Serán* da TVG e conteste a preguntas:

<http://www.crtvg.es/informativos/os-sociolingueistas-reclaman-medidas-urxentes-para-evitar-danos-irreversibles-na-lingua-813743>

- a) Segundo a presentadora, cal é maior preocupación dos sociolingüistas respecto á lingua galega?
- b) Cal é a opinión da Mesa pola Normalización Lingüística acerca da situación da lingua galega?
- c) Pola contra, cal é a opinión da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia sobre a situación da lingua galega?
- d) Que afirma a profesora Rosario Álvarez na reportaxe?
- e) Compare as opinións das persoas entrevistadas pola rúa:
 - Quen afirma falar sempre galego e por que?
 - Quen confesa que o deixou de falar e por que?
 - Onde se escoita menos o galego na rúa?
 - Como ha de ser considerada a lingua galega?

ACTIVIDADES EN LENGUA CASTELLANA

S36. Explique qué tipo de signos y qué código utilizan los semáforos. Establezca las diferencias existentes entre los semáforos para vehículos y los semáforos peatonales.

S37. Defina qué mensajes comunican cada uno de estos signos o señales:

- El rabo de un perro agitándose rápidamente de lado a lado.
- Un cartel con la imagen de una calavera y dos huesos cruzados debajo.
- El silbato de una árbitro de un partido de baloncesto.
- La sirena de una ambulancia.

S38. Analice la imagen siguiente respondiendo las preguntas:



- ¿Qué tipo de información transmite la imagen?
- Explique qué representan los círculos amarillos, las manchas blancas, las tres líneas onduladas paralelas y las flechas blancas sobre el mapa. ¿Son todos ellos signos lingüísticos? Justifique su respuesta.
- ¿Qué significan las letras VAR? ¿Son un signo lingüístico? Justifique su respuesta.
- ¿Qué indican los signos situados a la derecha de los termómetros azul y rojo?
- ¿Por qué los datos de temperaturas máximas y mínimas en las ciudades están sombreados de distintos tonos de color en una gama del azul al verde claro?

S39. Lea el siguiente texto y conteste a las preguntas:

- a) Explique qué tipo de signos según el sentido utiliza el sistema dactilológico.
- b) ¿Se utilizan signos lingüísticos o no lingüísticos?

El alfabeto manual o alfabeto dactilológico es un sistema de comunicación utilizado por el colectivo de personas sordociegas.

El alfabeto dactilológico español es un sistema unimanual, es decir, que se realiza configurando cada una de las letras del alfabeto con una sola mano.

El sistema consiste en deletrear cada letra del mensaje sobre la palma de la mano de la persona sordociega que recibe, de la manera más cómoda y rápida posible, asegurando siempre su captación táctil por la persona sordociega.

La palma de la mano de la persona sordociega debe estar hacia arriba, para deletrear sobre ella el mensaje. Las letras deben ejecutarse en el centro de la palma, letra tras letra y haciendo una breve pausa entre cada palabra.

ASOCIDE (Asociación de sordociegos de España) www.asocide.org

S40. Vione este fragmento del programa televisivo Tips de RTVE y analice qué tipo de registro lingüístico utilizan los participantes, señalando algunos ejemplos.

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/tips/somosloquecomemos-tips-19se/3726867/>

S41. Vea el siguiente corte de video de la TVG y conteste a las preguntas:

<http://pasouoquepasou.crtvg.es/content/dario-villanueva-novo-director-da-rae>

- a) Describa qué sucede en este acto. ¿Cuántas personas intervienen? ¿Se trata de una situación formal o informal?
- b) Explique tres rasgos presentes en estas intervenciones que definan el registro lingüístico utilizado.

S42. La lengua dálmata es en la actualidad una lengua muerta. Busque información sobre ella y conteste las preguntas:

- a) ¿A qué grupo lingüístico europeo pertenecía?
- b) ¿En qué regiones de Europa se hablaba?
- c) ¿Qué lenguas se hablan ahora en esos territorios?
- d) ¿En qué año se puede certificar su desaparición definitiva?
- e) ¿Quién fue su último hablante y a qué se dedicaba?

S43. Sobre un mapa mudo de las comunidades autónomas de España:

- Sombree en colores diferentes aquellas en las que hay dos o más lenguas cooficiales.
- Escriba sobre ellas qué lenguas se hablan en esos territorios.
- Elabore un listado ordenado de norte a sur con todas aquellas comunidades que hayan quedado en blanco y que son las que solo tienen el castellano como lengua oficial en su territorio.

S44. Redacte un texto de entre 100 a 200 palabras exponiendo sus propias ideas sobre este tema: ¿Por qué las lenguas son reflejo de la cultura y la sociedad que las habla y por qué es tan importante su conservación y su uso?

5. Solucionario

5.1 Soluciones das actividades propostas

- S1. Explique el significado de las siguientes señales de tráfico especificando cuáles de ellas utilizan signos lingüísticos y cuáles no.

La primera señal significa "dirección prohibida para vehículos" y no utiliza signos lingüísticos. La segunda señal indica un desvío a la derecha de la carretera N-525 en dirección a Santiago de Compostela que nos conduce a A Estrada por la N-640; esta señal sí usa signos lingüísticos al incluir los nombres de las localidades. La tercera señal obliga a realizar una detención total del vehículo y utiliza un signo lingüístico, la palabra inglesa STOP, que significa "detención obligatoria". La cuarta señal significa que la velocidad está limitada a un máximo de 60 km/h, podemos considerar las cifras arábigas como signos lingüísticos, ya que en otras lenguas, como el japonés o el chino, las cifras poseen otras representaciones, de manera que hay que saber "leerlas" como si fuesen palabras.

- S2. Clasifique los siguientes signos según el sentido por el que son percibidos: una bandera, el pitido del despertador, un beso, un grito de auxilio, un mapa de carreteras, el escudo de un equipo de fútbol.

Bandera (signo visual), pitido de un despertador (signo auditivo), beso (signo táctil), grito de auxilio (signo auditivo), escudo de un equipo de fútbol (signo visual).

- S3. Identifique los elementos de la comunicación que intervienen en los siguientes actos comunicativos.

▪ SITUACIÓN A	Emisor: árbitro - Receptor: Jugador núm. 5 - Mensaje: expulsión Código: tarjetas penales - Canal: vista - Situación: partido de fútbol
▪ SITUACIÓN B	Emisor: chica - Receptor: padre - Mensaje: tiempo de espera Código: lengua francesa - Canal: aplicación de whatsapp Situación: una hija espera ser recogida en coche por su padre.
▪ SITUACIÓN C	Emisor: escritora - Receptor: público - Mensaje: charla sobre la novela Código: lengua gallega - Canal: voz en directo Situación: presentación de una nueva novela
▪ SITUACIÓN D	Emisor: marca publicitaria de yogues - Receptor: televidente Mensaje: el consumo de este yogur beneficia la salud. Código: idioma del anuncio - Canal: televisión Situación: pausa publicitaria en la programación televisiva

- S4. Explique qué función del lenguaje predomina en cada uno de estos mensajes, imaginándoselos en una situación comunicativa real.

A) Función fática. B) Función representativa. C) Función apelativa. D) Función metalingüística. E) Función poética. F) Función expresiva.

- S5. Explique que tipo de comunicación, escrita ou oral, utilizaría nestas situacións.

A) Comunicación escrita: unha carta ou tarxeta postal. B) Comunicación oral: chamada telefónica. C) Comunicación oral: discusión sobre o reparto das tarefas. D) Comunicación escrita: folha de reclamacións do establecemento.

- S6. Analice que características propias da comunicación oral e da comunicación escrita comparte esta conversa establecida nun chat ou a través do whatsapp.

Trazos da lingua oral:

Alternancia nas intervencións e espontaneidade. Comunicación case inmediata. Lingua pouco planificada (uso de letras ou de cifras que substitúen palabras) e estrutura sinxela das frases. Interxeccións e expresión coloquiais (oh, superchulas, vale, tes unha pinta, escachar coa risa) .

Trazos da lingua escrita:

Os interlocutores utilizan o texto escrito. A expresividade das intervencións márcase mediante os signos de exclamación ou o uso de letras maiúsculas. A linguaxe non verbal e xestual é substituída polas emoticonas. A conversa de whatsapp queda rexistrada no teléfono móbil e pode ser revisada ou relida.

- S7. Vexa os primeiros dous minutos do programa da TVG que figura na seguinte ligazón <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/puskas-na-casa/> e analice con exemplos que características da comunicación oral se aprecian nestas situacións.

A canle de comunicación é auditiva: os personaxes falan entre eles estando presentes simultaneamente na escena. Os interlocutores alternan nas quendas de palabra e van construíndo a conversa colaborativamente. A linguaxe non verbal e xestual apoia o texto falado (o personaxe con gafas de sol move os brazos e as mans de acordo co que di, os xestos da cara de Moncho translocen os seus pensamentos) Predominan os retrosos, as interxeccións (home, joder!, non?, xa, xa) e as oracións sinxelas e inacabadas (Oh, si, unha festa, si!) Os falantes usan a súa propia variedade dialectal (e logo? pronunciado con gheada).

- S8. Vexa a cabeceira do programa da TVG O gato con botas (ata o minuto 2:30) que figura na seguinte ligazón <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/anton-lamazares-1/> e responda as cuestións.

A) O presentador utiliza a expresión escrita, xa que presenta o contido do programa axudado duns carteis que a audiencia debe ir lendo. B) Os movementos das mans de Antón Lamazares apoian o que explica de palabra. Ao tratarse dunha entrevista, o presentador e o protagonista do programa alternan as quendas de palabra. Antón Lamazares explícase usando frases interrompidas ou repeticións (pero a min non me..., a min non me anima) e utiliza retrosos (...e non sei que). Tamén enfatiza determinadas palabras (necesidade de expresión, Galicia despoboad) Fala un galego non normativo e con trazos dialectais, por exemplo a gheada ("ghusta", "Ghalicia").

- S9. Lea este fragmento de la primera escena de la obra teatral de Jesús Alonso de Santos *La estanquera de Vallecas* y responda a las preguntas.

Los personajes utilizan un registro informal ya que utilizan un registro coloquial de lengua. El ladrón le pide el tabaco a la estanquera directamente, es decir, sin usar expresiones de cortesía como "por favor". Más adelante en la escena, le gritan y le ordenan imperativamente que les dé el dinero. La señora muestra su estado de ánimo mediante interjecciones (¡ay!) e imprecaciones a los santos. Los ladrones usan palabras ofensivas como "loca" o "condenada" y léxico coloquial como "pasta" en sustitución de "dinero". Se perciben incorrecciones lingüísticas como el apócope de para ("pa") y el laísmo que usa el ladrón en la expresión "la pego un tiro". El único rasgo de registro formal que podemos hallar sería que los ladrones tratan a la mujer de "señora" y con las formas verbales de cortesía en 3ª persona del singular: "déjese, busque, calle".

- S10. Vea los cuatro primeros minutos del video que aparece en el siguiente enlace web y localice ejemplos de características del registro formal.

El registro formal de esta entrevista televisiva se percibe en el uso por parte de ambos interlocutores de las normas de cortesía: la presentadora se dirige al médico tratándolo de usted y también trata de usted a los espectadores. El médico hace lo mismo al dirigirse a la presentadora. Se utiliza un tono neutro tanto en las preguntas de la presentadora como, sobre todo, en las explicaciones médicas del doctor acerca del dolor. El doctor utiliza además léxico culto, específico del área de la salud de la que es especialista ("neurociencia, raciocinio, cognición, pélvico") y además sus explicaciones están organizadas mediante oraciones complejas y relacionadas coherentemente como corresponde a un nivel culto de la lengua. Los únicos rasgos de lengua informal que podríamos detectar son: el saludo inicial de la presentadora "¿Qué tal, doctor?" o el uso de algunas palabras coloquiales por parte del médico ("cuentista, bofetón").

- S11. Subraye las ideas más importantes de este texto. Luego determine cuáles son las ideas principales que explica. Reflexione sobre ellas y después de anotar en un borrador su propia opinión al respecto, redacte un texto de entre 50 a 100 palabras que exponga su visión sobre este tema.

Las ideas principales de este fragmento son: 1º.- Los hombres y las mujeres charlamos de maneras diferentes. 2º.- Los hombres tienden a defender e imponer sus opiniones personales. 3º.- Las mujeres son más amigables y comparten la información. Respuesta libre: redacción de una breve opinión personal que explique si está o no de acuerdo con estas ideas y por qué.

- S12. Clasifique as conversas que aparecen nos primeiros cinco minutos destas ligazóns como espontáneas ou non espontáneas, e sinale as súas características principais.

Na primeira ligazón escoitamos unha entrevista radiofónica, polo que se trata dunha conversa non espontánea: o tema da conversa está establecido de antemán e a conversa non se sae del; o entrevistado utiliza un nivel culto da lingua con explicacións longas que utilizan estruturas sintácticas complexas e léxico especializado ou culto ("significante, subvencionado, limítrofes, divulgación"). Ao tratarse dunha conversa telefónica emitida a través da radio carecemos do apoio da linguaxe non verbal. Na segunda ligazón escoitamos outra entrevista radiofónica pero establecida mediante unha conversa espontánea, xa que, aínda que tamén o tema está fixado de antemán, non se utiliza o tratamento de cortesía; durante toda a conversa os interlocutores rin e fan comentarios retranqueiros ("premio comestible") e tamén utilizan expresións coloquiais e emotivas ("nin pero nin pera", "aventuriña", "eu que sei") e as intervencións son máis fluídas e curtas que na ligazón anterior.

- S13. Mire esta reportaxe acerca da fraseoloxía galega que aparece na seguinte ligazón e responda as preguntas.

A) Os nenos e adolescentes apenas usan xa os refráns na súa vida cotiá. As persoas maiores son as que aínda usan estas expresións na súa fala. B) O mellor xeito de aprendermos fraseoloxía é conectar esas expresións con experiencias persoais e usalas con certa frecuencia nas nosas conversas espontáneas. C) O Secretario de Política Lingüística defende a idea de que a fraseoloxía galega é unha riqueza cultural que nos permite coñecer mellor a nosa historia e a nosa sociedade. D) As señoras entrevistadas ao principio comparten estes refráns: Coas pernas enxoitas non se collen as troitas (Para facer algo ben hai que implicarse en serio e a fondo); A chuvia de San Xoán tolle o viño e non dá pan (Maio é o mes de sementar o millo, malia que o tempo non acompañe); Vale máis pequeno e agudo que grande e burro (É máis importante ter intelixencia que forza bruta) e En xaneiro saen o lobos ao carreiro (No inverno pecho os lobos achéganse máis ás aldeas en busca de alimento). A locutora di outro: Vai o vello morrendo e vai aprendendo (Cada día de toda unha vida apréndense cousas novas). O entrevistado, Xesús Ferro, explica que en Compostela "ser unha porta Faxeira" significa que a persoa a quen se aplica este dito non é quen de gardar un segredo. O presentador remata explicando a expresión "dar trela", que significa dar confianza a alguén.

- S14. Escolle o principio desta emisión do programa Coñecer Galicia e analice como se combinan a música e a voz da locutora durante a cabeceira do programa: <http://www.crtvg.es/rg/a-carta/conecer-galicia-conecer-galicia-do-dia-24-02-2017-2749974/>

O espazo comeza cunha música doce de guitarra que funciona como sintonía do programa. A sintonía propia dun programa axuda á súa identificación por parte dos oíntes. Cando a locutora comeza a explicar o contido do programa a música baixa e acompaña a súa presentación manténdose como fondo musical. Logo a sintonía fúndese cunha cantiga popular con letra, que fala do mesmo tema do programa: o entroido. A locutora aproveita o interludio musical da peza para baixar de novo a música e seguir falando dos contidos do programa sobre a música de fondo. Finalmente, cando presenta a concelleira de cultura de Salceda de Caselas a quen vai entrevistar, a música deixa de escoitarse por completo e fan a entrevista sen ningunha música de fondo.

- S15. Describa e analice a combinación de imaxe, texto oral e texto escrito dos primeiros catro minutos desta reportaxe sobre Lires: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/lires/>

A cabeceira do programa mestura debuxos e imaxes fotográficas animadas imitando a estética dos debuxos animados para nenos. Logo aparece o cartel da localidade que atoparíamos na estrada e nunha marxe inferior animada vemos un cocheño e un tractor que van por unha estrada. Representan a filosofía do programa, que é viaxar polas pequenas localidades de Galicia para coñecelas. Sobre esta imaxe preséntase un resumo do programa con escenas das distintas persoas que van saír deseguido. Remata esta presentación co cartel do programa Grandes lugares, imitando os sinais das estradas. Amósase logo sobre un mapa a localización de Lires, para introducir imaxes dun antigo documental en castelán dos anos 60 sobre esta localidade. Conectan ese documental coa mesma señora naquel tempo e agora, moitos anos despois, recollendo froita. Finalmente, pasamos a coñecer o primeiro protagonista do programa, "o Rubio", alcume que poñen detendo momentaneamente a súa imaxe mentres conduce a furgoneta e colócanlle un cartel que o presenta. En resumo, o programa presenta unha estética moi vital, animada e divertida combinando debuxos, imaxes, textos e son que invita a quedar a ver o programa e a coñecer a xente de Lires.

- S16. Después de ver los quince primeros minutos de este video, conteste la preguntas:<http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-debate-educar-para-leer/2113306/>

A) A los españoles nos cuesta trabajo encontrar razones para leer. La sociedad ha cambiado y se ha perdido el interés por la lectura que se ha sustituido por otras actividades de ocio. B) Mario Horcas afirma que el interés por la lectura se pierde en la adolescencia, porque los alumnos conciben la lectura como un trabajo obligatorio del instituto. Ana Díaz-Plaja añade que también lo hacen por rebeldía, por llevarle la contraria a las recomendaciones de los adultos. Ana Díaz-Plaja afirma que las chicas leen más que los chicos, idea que reafirma el profesor de Secundaria. C) Luis A. Salvatella considera que las nuevas tecnologías no perjudican los hábitos lectores, sino que los niños leen de otra manera, no solo leyendo texto, sino también imágenes. Mario Horcas opina que la lectura silente tradicional está cambiando y que las nuevas tecnologías pueden integrarse en la actividad lectora. Ana Díaz-Plaja apunta que las nuevas tecnologías han fomentado la creatividad y la escritura, por lo que los lectores son más interactivos gracias a ellas. El uso de las TIC y la lectura tradicional son complementarios. D) Se trata de una tertulia ya que los participantes intercambian opiniones sobre un tema prefijado de antemano con un lenguaje coloquial y distendido. El presentador introduce el tema y, en este caso, se apoya en un breve reportaje que aborda el mismo tema para acompañar esta presentación.

- S17. Busque las definiciones de lengua minoritaria y lengua minorizada. Reflexione sobre ellas y, tras recabar algunos datos más, conteste estas preguntas.

A) La Fundéu BBVA define lengua minoritaria como aquella que tiene un número reducido de hablantes en relación con otra lengua en un territorio determinado. Lengua minorizada, sin embargo, se define como aquella cuyo uso está restringido por motivos políticos o sociales. B) Las cifras de hablantes de occitano varían mucho según las fuentes, pero se sitúan en una media de tres millones de hablantes. Se habla en la mitad sur de Francia. Se la considera una lengua minorizada ya que el centralismo lingüístico de la República francesa no apoya con determinación las lenguas regionales, por lo que se usa casi exclusivamente de manera coloquial y familiar. C) El flamenco o neerlandés lo hablan unos seis millones de personas en las regiones del norte de Bélgica. Es lengua cooficial en ese país junto al francés y el alemán, por lo que podemos deducir que se la considera una lengua minoritaria, pero no minorizada.

- S18. Clasifique estas veinte lenguas en dos grandes conjuntos: lenguas indoeuropeas y lenguas no indoeuropeas. Luego realice un subconjunto dentro del primero donde debe reunir aquellas que sean lenguas románicas.

▪ LENGUAS NO INDOEUROPEAS	Japonés, turco, árabe, vasco, finés, chino, quechua.
▪ LENGUAS INDOEUROPEAS	Inglés, griego, polaco, portugués, catalán, ruso, gallego, sardo, danés, bretón, rumano, gaélico, alemán.
▪ LENGUAS ROMÁNICAS	Portugués, catalán, gallego, sardo, rumano.

- S19. Lea o artigo que figura na seguinte ligazón e responda as seguintes cuestións:
https://www.rtp.pt/noticias/pais/proposta-a-integracao-da-galiza-na-comunidade-dos-paises-de-lingua-portuguesa_n949280/

A) Galicia pode gañar peso a nivel internacional e afianzar a forte relación que mantén con Portugal. Os países observadores poden asistir aos cumios dos Xefes de Estado e de Goberno, teñen acceso á documentación non confidencial e poden ser autorizados a presentar comunicacións. B) O último país en entrar como observador foi Guiné-Equatorial, baixo as condicións de abolir a pena de morte e promover o uso da lingua portuguesa ao mesmo nivel cá española ou cá francesa.

- S20. Lea estos párrafos que figuran nunha das campañas da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta "O galego, chave para os teus negocios". Tomando estas ideas como punto de partida, redacte un texto de entre 20 a 30 liñas no que responda esta cuestión: Como beneficia a Galicia a súa pertenza á lusofonía?

RESPOSTA LIBRE.

- S21. Aprecie el origen común de las lenguas de origen románico del Estado español frente a la procedencia desconocida del vasco completando este cuadro con la ayuda de diccionarios de las diferentes lenguas.

CASTELLANO	GALLEGO	CATALÁN	VASCO
▪ tierra	<i>terra</i>	<i>terra</i>	<i>lur</i>
▪ fuente	<i>fonte</i>	<i>font</i>	<i>iturri</i>
▪ lluvia	<i>chuvia</i>	<i>pluja</i>	<i>huri</i>
▪ ojo	<i>ollo</i>	<i>ull</i>	<i>begi</i>
▪ hacer	<i>facer</i>	<i>fer</i>	<i>egin</i>
▪ hijo	<i>fillo</i>	<i>fil</i>	<i>ume</i>

- S22. Conteste as seguintes preguntas e reflexione acerca dos seus hábitos lingüísticos, explicando por que utiliza o galego, o castelán ou as dúas linguas indistintamente.

RESPOSTA LIBRE.

- S23. Redacte un texto dunhas 200 a 300 palabras que recolla as respostas do exercicio anterior.

RESPOSTA LIBRE.

5.2 Solucións das actividades complementarias

- S24. Escriba tres exemplos de cada clase de signos: visuais, auditivos, lingüísticos e non lingüísticos.

Signos visuais: bandeira, despedida coa man, texto escrito. Signos auditivos: sirena da ambulancia, grito de perigo, poema recitado. SIGNOS LINGÜÍSTICOS: un saúdo (Ola!), o nome dunha persoa, un sinal de poboación. Signos non lingüísticos: un semáforo, a partitura dunha canción, unha interxección (ai!).

- S25. Reflexione sobre estes dous supostos e dea resposta a estas cuestións: a) Alguén escoita unha canción nunha lingua estranxeira que non coñece; existe comunicación nese caso? b) Unha persoa xordomuda achégasenos cun plano da cidade na man e un papel na man cun enderezo anotado. É posible comunicármolos?

A) Pode existir comunicación estética, é dicir, pódenos gustar a melodía ou a composición en canto á súa música; pero ao non entendermos a letra, non podemos comprender o contido dela, polo tanto non existe comunicación. B) No segundo caso, axudándonos dos xestos das mans, da cara, e pronunciando devagar as palabras, a persoa xordomuda pode comprender as nosas indicacións, ou mesmo podería ler dos nosos beizos; polo tanto si é posible comunicármolos.

- S26. Escriba unha oración na que predomine cada unha das diferentes funcións da linguaxe: expresiva, apelativa, poética, fática, metalingüística e representativa.

Función expresiva: *Que día tan bonito!* **Función apelativa:** *Ven, por favor.* **Función poética:** *Amor de neno, auga nun paxe.* **Función fática:** *Diga?* **Función metalingüística:** *Os adverbios son palabras invariables.* **Función representativa:** *Hoxe non chove.*

- S27. Describa a situación comunicativa que representa o cadro *Le moulin de la gallette* de Jean Renoir e defina os elementos da comunicación que participan da escena.

O cadro de Jean Renoir presenta unha escena festiva na que unhas mozas están a conversar cun home que no cadro aparece de costas no primeiro plano. Elas parecen escoitalo, polo que serían as receptoras, mentres que el sería o emisor. Descoñecemos o contido da mensaxe, pero de seguro será unha conversa amena e festeira. A canle utilizada sería o ar e as ondas sonoras da voz. O código sería a lingua na que falasen, probablemente o francés. E por último, o contexto é unha reunión de amigos nunha terraza dunha verbena.

- S28. Vexa esta reportaxe televisiva sobre o Club de Debate Compostela e responda as preguntas.

A) Xornalismo e Dereito, xa que tanto para unha avogada ou un fiscal, así como para calquera xornalista é fundamental practicar a expresión oral. B) Porque un científico ten que ter a capacidade de debater as súas ideas cos demais, e ademais o alumnado debe defender e expoñer o seu proxecto de fin de grao ao rematar os seus estudos. C) Incardinadas dentro das materias obrigatorias das titulacións. D) Mediante unha serie de roldas eliminatorias nas que cada equipo defende as ideas a favor ou en contra do tema escollido. Os equipos gañadores chegan a unha final na que se disputan un premio. Tentan que todos os equipos poidan competir nun mesmo número de debates e nas mesmas condicións. Tamén buscan a paridade de xénero na composición dos grupos e que os participantes de cada grupo sexan de cursos diversos, de facultades diferentes, e mesmo de distintas ideoloxías políticas.

- S29. Estes tres textos correspóndense coa primeira oración da obra de Miguel de Cervantes *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*. Responda as preguntas.

A) Os textos aparecen nesta orde: en castelán, en galego, en catalán e en vasco. As linguas que máis se parecen entre si son as tres primeiras, porque son linguas románicas que proceden do latín. Isto pode comprobarse en palabras como: nombre, nome, nom / hidalgo, fidalgo, hidalgo / lanza, lanza, llansa / antigua, antiga, antiga. B) O vasco é moi diferente porque é unha lingua non indoeuropea de orixe descoñecida e anterior á chegada dos romanos á Península Ibérica. C) No texto vasco lugar tradúcese como aldeko; lanza como lantza, e antiga como zahar.

- S30. O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que os topónimos (nomes de lugares) de Galicia teñen como única forma oficial a galega. Elabore unha listaxe cos topónimos da súa comarca que escoita ou le habitualmente traducidos ao castelán e escriba ao lado a súa forma correcta.

RESPOSTA LIBRE.

- S31. Lea atentamente varias veces o primeiro punto do título preliminar do artigo 3 da Constitución española de 1878 que figura na teoría no apartado 2.3.3 desta unidade. Reflexione sobre o mesmo e conteste razoadamente estas preguntas.

RESPOSTA LIBRE.

- S32. Prema na seguinte ligazón do blog creado por Pilar Ponte con actividades relacionadas coa lectura da obra de Sechu Sende *Made in Galiza* e despois de ler o relato *Nin en soños vou perder a miña lingua* que aparece na presentación, conteste as cuestións que se propoñen na última diapositiva.

1) A rapaza non comprende aínda por que ten dedos nos pés ou por que escribe coa man esquerda. 2) As palabras fanse na boca e na gorxa, e saen dela grazas á lingua. 3) A rapaza cría que as palabras se gardaban na barriga. 4) A preocupación da rapaza é que pode perder a súa lingua; pero a nena cre que os maiores se están a referir á lingua física, o músculo que temos dentro da boca. 5) Non lle deu moita importancia porque lle responde á nena de xeito veraz, pero inmediatamente segue a facer o seu, pedir o queixo e o friame. 6) A nai aconséllalle á rapaza que fale moito, que canto máis fale menos risco haberá de que a súa lingua se perda. 6) A nena entende a mensaxe literalmente e non para de falar con todo o mundo e a todas horas na crenza de que así manterá a súa lingua dentro da boca. 7) O número nove.

- S33. Lea este breve fragmento do *Livro do desassossego* do escritor portugués Fernando Pessoa e intente traducilo ao galego baseándose na semellanza entre as dúas linguas, sen axuda de dicionario. Comprobe as similitudes e as diferenzas entre as dúas linguas.

A arte consiste en facerlle sentir aos outros o que nós sentimos, en liberalos deles mesmos, propóndolles a nosa personalidade para especial liberación. O que sinto, na verdadeira substancia con que o sinto, é absolutamente incomunicábel; e canto máis profundamente o sinto, tanto máis incomunicábel é. Para que eu, pois, poida transmitir a outro o que sinto, teño que traducir os meus sentimentos na súa linguaxe, isto é, que dicindo tales cousas como eu as sinto, que el, léndoas, sinta exactamente o que eu sentín.

- S34. Escoite o seguinte podcast sobre a cantante portuguesa Aldina Duarte. Tras a presentación do locutor en castelán, reproducése un fado completo que narra a historia dun triángulo amoroso. Partindo do seu coñecemento do galego, e da semellanza co portugués, escóitea atentamente varias veces e trate logo de facer un resumo de tres ou catro liñas que recolla o contido da letra.

Unha muller atopa a unha amiga súa co seu amante. A amiga quere pedirlle perdón, xa que sabe que o home non a amaba realmente. A cantante perdóalle á amiga, xa que vai deixar o home, que foi quen realmente traizoou as dúas.

- S35. Vexa esta reportaxe do *Telexornal Serán* da TVG e conteste a preguntas.

A) A caída de novos falantes nos últimos anos. B) A lingua está viva, pero enferma, en estado de regresión debido a unha incorrecta política lingüística. C) O uso do galego está aumentando en eidos como a xustiza, o deporte e nos concellos, e o ensino non é o único ámbito onde hai que incentivar o seu uso. D) Que existe un segmento de persoas de nivel cultural medio e alto nas cidades que comezou a falar galego cando antes non o facía. E) A señora de máis idade di falar galego dende pequena e usalo sempre porque se criou na aldea. Pola contra, a moza máis nova confesa que deixou de falar galego na cidade en idade escolar. Segundo a primeira muller entrevistada o galego escótase menos nas rúas das grandes cidades. O único señor entrevistado é o que defende a idea de que a lingua está intimamente ligada á cultura propia de Galicia, que é onde ha de defenderse, máis que en ningún outro lugar.

- S36. Explique qué tipo de signos y qué código utilizan los semáforos. Establezca las diferencias existentes entre los semáforos para vehículos y los semáforos peatonales.

Los semáforos utilizan signos visuales. El código utilizado se articula con tres colores: el verde significa que está abierto el paso; el rojo que es obligatorio detenerse. En el caso de los semáforos para coches existe un color en posición intermedia, el naranja, que puede lanzar dos mensajes: si se enciende momentáneamente cuando se apaga la luz verde, avisa el cambio de color verde a rojo; si las luces verde y roja están apagadas y el naranja se enciende intermitentemente quiere indicar que el semáforo no está operativo y que hay que circular con precaución. En el caso de los semáforos peatonales, sólo existen dos colores: verde y rojo. Las luces se apoyan en unos iconos de personas. La persona roja está detenida y la persona verde en actitud de marcha. El color verde se pone intermitente unos segundos para indicar que está a punto de cambiar al rojo.

- S37. Defina qué mensajes comunican cada uno de estos signos o señales: El rabo de un perro agitándose rápidamente de lado a lado. Un cartel con la imagen de una calavera y dos huesos cruzados debajo. El silbato de un árbitro de un partido de baloncesto. La sirena de una ambulancia.

El rabo del perro suele expresar su estado de ánimo; si lo agita puede indicar nerviosismo, excitación y la mayor parte de las veces, alegría. La calavera indica peligro de muerte y se utiliza habitualmente en lugares donde hay peligro de descargas eléctricas mortales o en el etiquetado de productos de limpieza altamente corrosivos. El silbato de un árbitro en un partido de baloncesto puede significar muchas cosas en función del momento del partido (principio o final de un tiempo, falta, tiempo muerto, etc.) por ello se suele acompañar de signos gestuales o mímicos. La sirena de la ambulancia avisa de un traslado urgente de algún enfermo, por lo que los vehículos que circulen por la calzada han de apartarse para dejarle paso preferente.

- S38. Analice la imagen siguiente respondiendo las preguntas.

A) La imagen informa de la predicción meteorológica para el día 23 de febrero de 2017 en Galicia. B) Los círculos amarillos simbolizan lugares donde brillará el sol, las manchas blancas representan zonas de nubosidad, las tres líneas onduladas indican nieblas y las flechas blancas señalan la dirección y la fuerza del viento. Ninguno de ellos es un signo lingüístico porque no utilizan ni letras ni palabras. C) Las letras VAR sí son un signo lingüístico porque se corresponden con las tres primeras letras de la palabra "variable" refiriéndose a que en esas zonas el tiempo puede cambiar a lo largo del día. D) El signo azul de igual significa que las temperaturas mínimas no van a variar. La flecha roja apuntando hacia abajo indica que descenderán las temperaturas máximas. E) Cuanto más se acerca al azul el tono del recuadro, la temperatura es más baja, más cerca de los cero grados; cuanto más verde es el valor, más cálida es la temperatura.

- S39. Lea el siguiente texto y conteste a las preguntas.

A) El sistema dactilológico utiliza signos táctiles, ya que las letras son expresadas sobre la palma abierta de la mano de la persona sordociega, que las interpreta mediante el sentido del tacto. B) Utiliza signos lingüísticos, ya que la finalidad de deletrear sobre la mano de la persona es la de transmitirle un mensaje constituido por palabras.

- S40. Visione este fragmento del programa televisivo *Tips* de RTVE y analice qué tipo de registro lingüístico utilizan los participantes, señalando algunos ejemplos.

Los interlocutores de esta conversación acerca de nutrición sana utilizan un registro informal, ya que entre ellos existe una relación de compañerismo, participan en el mismo programa semanalmente, y se tratan de tú, sin normas de cortesía. Aunque el tema tratado es importante, lo abordan de manera distendida para hacerlo más cercano a los televidentes. En algunos momentos enfatizan sus afirmaciones con entonaciones exclamativas o valorativas, sobre todo cuando plantean situaciones o anécdotas de la vida cotidiana para ejemplificar el tema.

- S41. Vea el siguiente corte de video de la TVG y conteste a las preguntas.

A) En este acto se anuncia la elección de la nueva directiva de la Real Academia de la Lengua española. En él, intervienen dos personas, José Manuel Blecua, anterior director de la RAE, que anuncia el resultado de las votaciones y el director recién elegido, Darío Villanueva. Se trata de una situación formal, ya que es una breve rueda de prensa ante los medios de comunicación para anunciar la noticia. B) Ambos utilizan un registro formal. El señor Blecua saluda y agradece al principio y utiliza el tratamiento de cortesía. Se trata de un acto institucional que exige cierta solemnidad. Ambos señores utilizan un tono neutro y un nivel culto de lengua, con expresiones metafóricas adecuadas (llevar a buen puerto) y un léxico preciso acorde al tema tratado (reglamentario, legislatura, tesorero, candidato, vocal, flamante, ejercer, etc.).

- S42. La lengua dalmata es en la actualidad una lengua muerta. Busque información sobre ella y conteste las preguntas.

A) El dalmata pertenecía a la familia de lenguas románicas. B) Se hablaba en la costa adriática de los actuales países de Croacia y Montenegro. C) En la actualidad se hablan diferentes dialectos del serbocroata. D) Cuando falleció el último de sus hablantes naturales, el 10 de junio de 1898. E) Fue Antonio Udina (Tuone Udina en dalmata) que era barbero.

- S43. Sobre un mapa mudo de las comunidades autónomas de España: Sombree en colores diferentes aquellas en las que hay dos o más lenguas cooficiales. Escriba sobre ellas qué lenguas se hablan en esos territorios. Elabore un listado ordenado de norte a sur con todas aquellas comunidades que hayan quedado en blanco y que son las que solo tienen el castellano como lengua oficial en su territorio.

El ejercicio consiste en reproducir el mapa de la página 24 de esta misma unidad. Las comunidades autónomas con el castellano como única lengua oficial son: Asturias, Cantabria, La Rioja, Castilla-León, Aragón, Madrid, Castilla La Mancha, Extremadura, Andalucía, Murcia, Canarias y las ciudades autónomas de Ceuta y Melilla.

- S44. Redacte un texto de entre 100 a 200 palabras exponiendo sus propias ideas sobre este tema: ¿Por qué las lenguas son reflejo de la cultura y la sociedad que las habla y por qué es tan importante su conservación y su uso?

RESPUESTA LIBRE.

6. Bibliografía e recursos

Bibliografía

- BLANCO ALFONSO, Ignacio & FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Pilar (coord.), *El lenguaje radiofónico: la comunicación oral*, Fragua, 2004.
- CORTÉS RODRÍGUEZ, Luis, *Comentario pragmático de comunicación oral*, Arco Libros, 2008-2009
- FERNÁNDEZ DE LA TORRIENTE, Gastón, *Cómo hablar correctamente en público*, editorial Playor, 1988.
- GARCÍA CAEIRO, Ignasi et al., *Expresión oral*, editorial Alhambra, 1988.
- MEDRANO MARTÍNEZ, Carlos L., *50 xogos de lingua: técnicas de comunicación oral e escrita*, Xerais, 1994.
- MEDRANO MARTÍNEZ, Carlos L., *Outros 50 xogos de lingua: técnicas de comunicación oral e escrita*, Xerais, 1998.
- MORENO CABRERA, Juan Carlos, *El universo de las lenguas*, Castalia, 2003.
- TUSÓN, Jesús, *Mal de lenguas: arredor dos prexuízos lingüísticos*, Edicións Positivas, 1990.
- VILA SANTASUSANA, Montserrat & CASTELLÁ, Josep M, *10 ideas clave. Enseñar la competencia oral en clase. Aprender a hablar en público*, Editorial Graó, 2014.
- ZUCCHERINI, Renzo, *Cómo educar la comunicación oral*, Ceac, 1992.

Ligazóns de Internet

- <http://academia.gal/diccionario/>
- <http://dle.rae.es/?w=diccionario>
- <http://www.crtvg.es/>
- <http://www.rtve.es/>

7. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO	DATOS DO RECURSO	RECURSO	DATOS DO RECURSO
 RECURSO 1	- Autoría: Pixabay - Licenza: CC0 Public Domain - Procedencia: https://pixabay.com/es/se%C3%B1ales-de-tr%C3%A1fico-se%C3%B1alizaci%C3%B3n-6657/	 RECURSO 2	- Autoría: Mortadelo2005 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Lenguas_de_europa.png
 RECURSO 3	- Autoría: Antônio - Licenza: Creative Commons - Procedencia: http://static.projetomemoria.org/2009/02/paises-que-falam-portugues.gif	 RECURSO 4	- Autoría: Moby Dick - Licenza: Public Domain - Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Renoir21.jpg
http://www.rtve.es RECURSO 5	- Autoría: RTVE - Licenza: http://www.rtve.es/comunes/aviso_legal.html - Procedencia: http://www.rtve.es	http://www.crtvg.es RECURSO 6	- Autoría: CRTVG - Licenza: http://www.crtvg.es/aviso-legal - Procedencia: http://www.crtvg.es